



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP BENIGNO QUIROGA BALLESTEROS
Rúa Bolaño Rivadeneira s/n 27001 – L U G O
Tfno. : 982828190 /91
ceip.benigno.quiroga@edu.xunta.es
<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipbenignoquiroya/>



RESUMO DO PROCEDEMENTO PARA A DISTRIBUCIÓN DE MÁSCARAS ENTRE O ALUMNADO. CURSO 2021/2022

Partida da Consellería de Educación Universidade e Formación Profesional.

Norma: Orde do 28 de outubro de 2021. DOG do 12/11/2021

Prazo de presentación de solicitudes: Do 15 de novembro ao 26 de novembro (ambos incluídos)

Lugar de presentación de solicitudes: Unicamente de forma presencial na secretaría do centro. Con cita previa. (SÓ PARA ALUMNADO **NON** BENEFICIARIO DA AXUDA DE MATERIAL ESCOLAR)

Requisitos:

1. Alumnado matriculado no curso 2021/2022 en Educación Primaria beneficiario da axuda para material escolar (Obtivo cheque de 50€) . **Neste caso o alumnado está exento de presentar a solicitude e concédenselle as máscaras de xeito automático en canto haxa stock.**
2. Alumnado matriculado no curso 2021/2022 en Educación Primaria que **NON** presentou solicitude para axuda de material escolar e teñan unha renda per cápita igual ou inferior a 6000€ (exercicio fiscal 2019).
3. Alumnado matriculado no curso 2021/2022 en Educación Primaria con discapacidade igual ou superior ao 65%, independentemente da renda familiar.

❖ RENDA FAMILIAR PER CÁPITA = renda familiar dividida entre o número de membros da familia computables. Cálculo da renda familiar = casilla 435+casilla 460/número de membros da unidade familiar

- ✚ Son membros da unidade familiar (situación familiar a 31 de decembro de 2019)
- ✚ Pais non separados legalmente ou titores.
- ✚ Pais, non casados, que convivan.
- ✚ Pais separados legalmente ou divorciados con custodia compartida.
- ✚ Fillos menores de idade salvo os emancipados.
- ✚ Fillos maiores de idade , con discapacidade , suxeitos á patria potestade.
- ✚ Fillos solteiros, menores de 25 anos, que convivan ata 31 de decembro de 2019.
- ✚ Membro unidade familiar con discapacidade igual ou superior ao 33%. Conta por dous membros (Tamén percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez ou equivalente de clases pasivas).



Documentación a presentar:

- ✓ **Anexo I e II** (á vosa disposición na secretaría do centro, na páxina web, no portal da Consellería de Educación e na sede electrónica da Xunta de Galicia).
- ✓ **Copia do Libro de Familia** no que figuren todos os membros da unidade familiar. (Traer tamén orixinal para facer comprobación) **SE NON TEÑEN Libro de Familia ou situación familiar é diferente á especificada no Libro de Familia** poderán acreditar o número de membros empregando algún destes medios:
 - ♥ No caso de separación ou divorcio, sentenza xudicial de separación ou divorcio ou convenio regulador onde conste quen ten a custodia do menor.
 - ♥ Certificado de empadramento da unidade familiar.
 - ♥ Certificado do Concello que acredite a situación familiar.
- ✓ **Certificado de discapacidade de calquera membro computable** da familia recoñecido por órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.
- ✓ **No caso de violencia de xénero no ámbito familiar**, documentación que o acredite.
- ✓ **No caso de que o pai/nai ou titores/as legais do alumnado non teñan DNI ou NIE**, certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe de servizos sociais do Concello.

Farase a consulta automática dos seguintes datos: DNI ou NIE, declaración da renda, percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta e grande invalidez e grao de discapacidade recoñecida pola Xunta de Galicia. No caso de que os interesados e interesadas non autoricen á consulta automática destes datos terán que achegar a documentación correspondente.

As familias que teñan máis dun fillo ou filla no centro, realizarán unha única solicitude.